

Anteproxecto de lei de patrimonio cultural de Galicia



Simplificación legislativa

O novo anteproxecto de Lei de Patrimonio Cultural de Galicia **derroga tres textos legais** incluíndo nun só anteproxecto a súa regulación:

- A Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- A Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago.
- A Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

Categorías:

O novo anteproxecto de lei reduce a **dúas** as **categorías** de bens do patrimonio cultural de Galicia:

- ***Bens de interese cultural***: os bens máis sobranceiros do patrimonio cultural de Galicia.
 - BICs por declaración singular.
 - BICs *ope legis*:
 - O **Camiño Francés** de Santiago.
 - Os escudos anteriores a 1901.
 - Os bens propios da arquitectura defensiva anteriores a 1914.
 - Os hórreos, cruceiros e petos de ánimas anteriores a 1901.
 - As covas, abrigos e petróglifos con manifestacións de arte rupestre.



Categorías:

Bens catalogados: os bens de notable valor do patrimonio cultural de Galicia. Nesta categoría se integran:

- Todos aqueles bens que á entrada en vigor desta lei figuraban no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, excepto os declarados de interese cultural.
- E os que determinen de xeito individualizado nos catálogos urbanísticos.
- Catalogados ope legis:
 - As restantes rutas principais delimitadas do Camiño de Santiago (excepcionalmente poden ser declarados BIC por petición dos concellos).
 - As manifestacións escultóricas en madeira e as pictóricas anteriores a 1600.
 - Os pecios, buques, aeronaves que teñan estado somerxidos con anterioridade a 1901 no mar territorial de Galicia.

Transparencia: Censo de bens culturais.

O anteproxecto de lei crea o **Censo de Bens Culturais** de Galicia:

- Non se trata dunha nova categoría de bens do patrimonio cultural de Galicia.
- Configúrase como un instrumento de divulgación, que será periodicamente actualizado pola consellería, coa finalidade de converterse nunha ferramenta prospectiva para a protección patrimonio cultural.
- No Censo de Bens Culturais recolleranse os bens integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia, nos que se aprecie que concorre un valor cultural, pero que aínda non foron declarados de interese cultural ou catalogados.
- A finalidade, o estudo, a documentación e servir como instrumento para elaborar catálogos urbanísticos, ou normas para a protección.

Contornos de protección e zonas de amortecemento:

- **Contorno de protección**: Se prevé para os bens inmoables a existencia dun contorno de protección, que será independente do ben. Non ten a consideración de BIC ou catalogado, pero pódense establecer limitacións de uso e construción.
- **Zona de amortecemento**: Como novidade destacada, a lei crea a zona de amortecemento dos bens, que se poderá establecer cando se considere oportuno.
 - A zona de amortecemento ten por finalidade reforzar a protección dos elementos do patrimonio cultural.
 - Na zona de amortecemento poderán realizarse intervencións, con carácter xeral, sen necesidade de autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, excepto as que se determinen na propia delimitación da zona ou na lei (grandes explotacións, minería, presas, ...).

Instrumentos de rexistro:



- No anteproxecto de lei establécense unicamente dous instrumentos de rexistro dos bens, totalmente independentes entre si:
 - O Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.
 - O Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Novas categorías de BIC: Vías culturais, Paisaxes de valor cultural, distinción entre Sitios históricos e Territorios históricos.

Censo

Réxime xurídico



Procedementos de Declaración e catalogación

- Declaración de BIC:
 - Incoación por Resolución da Dirección Xeral.
 - Exposición pública 1 mes.
 - Declaración por Decreto no Consello.
- Catalogación por dúas vías:
 - Por incorporación do planeamento.*
 - Expresa:
 - Incoación por Resolución da Dirección Xeral.
 - Aprobación por Orde do Conselleiro.

Informes preceptivos da Consellería

- Plans urbanísticos e instrumentos de ordenación do territorio que incidan no patrimonio.
- Procedemento de avaliación ambiental: inclúe plans, proxectos e programas.
- Informe preceptivo e vinculante.
- Posibilidade de excepciónar o informe no caso de certificación de non afección ao patrimonio cultural.

Réxime de intervencións

- **Tipoloxías** de intervención: Investigación, posta en valor, mantemento, conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación, ampliación e reconstrución.
- **Niveis** de protección dos inmobles (só para patrimonio arquitectónico e etnolóxico): Protección integral (todos os BIC), estrutural e ambiental. Informe preceptivo e vinculante.
- Delimitase a tipoloxía de intervención **autorizable** en función do nivel de protección.

Criterios de intervención

- Código de boas prácticas para as intervencións en bens culturais.
- Prohibicións en BICs (só en monumentos e xardíns históricos):
 - Publicidade comercial.
 - Cables, antenas e conducións aparentes.
 - Rótulos e sinais vinculados a mecenado son autorizables.
- Plans especiais de protección de determinados inmuebles BICs: Conxuntos históricos, Zona arqueolóxica e Sitio histórico.

Habilitacións legais municipais

- Unha das **principais novidades** da lei ven determinada pola habilitación legal para que os **Concellos** poidan **autorizar as intervencións en determinados bens catalogados**.
- Non é precisa a intervención das Comisións Provinciais.
- Autorización para intervencións en inmobles do patrimonio arquitectónico e etnolóxico.
- Categorías de bens só autorizables pola Consellería:
 - BICs.
 - Patrimonio Artístico.
 - Patrimonio Arqueolóxico.
 - Os de titularidade da Igrexa e doutras confesións.

Habilitacións legais municipais

- Condicións para obter habilitación:
- Carácter voluntario.
- Planeamento aprobado con posterioridade a 31 de decembro de 2002 sempre que teña informe favorable de Patrimonio. (Motivo Lei 9/2002 entra en vigor ao día seguinte. Esta norma inclúe a obrigatoriedade dos catálogos).
- Adaptación dos catálogos as prescricións da nova Lei de patrimonio (na meirande parte dos casos só incluír os niveis de protección dos inmobles).
- Sinatura dun convenio coa Consellería, no que garante que se cumpren as condicións anteriores e que existe un equipo técnico do concello.
- Consecuencias do incumprimento municipal: sancións e revogación da competencia para a autorización, que pasa a ser asumida pola Consellería.



Os Camiños de Santiago I

- Declaración de BIC do Camiño Francés.
- Resto das rutas principais son bens catalogados
- Posibilidade de declaración de BIC por petición da maioría dos concellos polos que discorre a ruta, agás proteccións vinculadas a declaracións internacionais.
- Nova ruta: Camiño de Inverno.
- Categoría: Territorio Histórico.
- Prohibicións:
 - No ámbito delimitado: minería, canteiras, vertedoiros, publicidade (non sinalética).
 - Franxa dos **tres metros** contiguos: Talas de frondosas, campamentos, actividade construtiva nos tramos non urbanos salvo excepción do Plan Especial).

Os Camiños de Santiago II

- Plan Territorial Integral de Protección do Camiño de Santiago elaborado pola Consellería e aprobado polo Consello da Xunta.
- Plans Especiais elaborados polos concellos en desenvolvemento do anterior.
- Réxime de autorizacións, con planeamento municipal aprobado: non precisa autorización da Consellería incluso no entorno e na zona de amortecemento.
- Excepcións: Traza, BICs singularizados e intervencións arqueolóxicas.
- Sinaléctica do Camiño: prescricións da UNESCO e do Consello de Europa.



Regulación de novos Patrimonios I


- Patrimonio **inmaterial**: NOVA REGULACIÓN.
- Patrimonio **artístico**: catalogación ex lege dos anteriores a 1600 e declaración dos escudos anteriores a 1901.
- Patrimonio **arquitectónico**: nova regulación; presunción de valor segundo criterio de datación > SEGURIDADE XURÍDICA.
- Patrimonio **etnolóxico**: presunción de valor por natureza do ben (construcións tradicionais, foxos, muíños, fontes, alvarizas, etc). Declaración BIC ex lege: hórreos, petos e cruceiros anteriores a 1901.

Regulación de novos Patrimonios II

- Patrimonio **arqueolóxico**: Clases de actividades arqueolóxicas. Non habilitación a concellos. Presunción de valor nos restos megalíticos, romanos e castrexos. BICs ex lege; arte rupestre. Regulación dos achados e do uso de detectores de metais.
- Patrimonio **subacuático**: NOVA REGULACIÓN. Catalogación ex lege dos pecios anteriores a 1901. Principios de actuación. Prohibicións de dragaxe. Cartas de Pecios.
- Patrimonio **Industrial**: NOVA REGULACIÓN; presunción de valor segundo criterio de datación > SEGURIDADE XURÍDICA.

Regulación de novos Patrimonios III

- Patrimonio **científico**: NOVA REGULACIÓN. Presunción en función da natureza dos bens. Posibilidade de destrución en determinados casos. → coleccións
- Patrimonio **documental** e bibliográfico: Remisión á normativa sectorial. Presunción de valor documental segundo criterio de datación, sempre os documentos públicos
- Patrimonio **Museolóxico**: Reiterase a normativa anterior: definición de museos e coleccións visitables. Regúlase o réxime de autorizacións. Rede de Museos e Sistema galego de museos



Fomento do Patrimonio

- Liñas de subvencións.
- Intégranse as medidas da Lei de dotación artística: 2% do financiamento autonómico dos investimentos.
- Posibilidade de Beneficios Fiscais para BICs.
- Regulación do Patrocinio Cultural.
- Campañas de difusión e pedagogía da cultura.



Proxección do PATRIMONIO NA
MULLER NA ESCOLA

Inspeccións e Sancións

- Regulación da actividade inspectora: non escalas, pero si habilitación das funcións en RPT.
- Sancións: mantéñense as sancións leves e graves, aumentan as moi graves.
- Cando se poida determinar o valor do dano; multa do tanto ao quádruplo.
- Modifícanse os órganos de imposición.
- Aumenta o prazo de prescripción; máximo 10 anos.

Transitorias e Adicionais

- 5 anos para identificar e concretar os BICs ex lege.
- 2 anos para divulgar a relación de BICs, e Catalogados.
- 2 anos publicación do Censo (posibilidade de ir aprobando censo por concellos en función da planificación de aprobacións de plans).
- 2 anos para aprobar o PTI de protección do Camiño de Santiago.
- 1 ano para aprobar o regulamento relacións Xunta Igrexa. *ART 1906*
- 6 anos para a adaptación do planeamento urbanístico á nova Lei (distinto é o réxime de habilitacións explicado antes).
- 5 anos adaptación dos plans especiais de protección.
- **ENTRADA EN VIGOR: 3 MESES DENDE PUBLICACIÓN.**

MENSAXES

- Regulación de novos patrimonios.
- Implicación dos concellos.
- Integración lexislativa.
- Seguridade xurídica.
- Simplificación administrativa.
- *“Máis protección do máis sobranceiro”.*

